



Ligando.lgd@gmail.com

Don MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO, con DI número 33319093M, con enderezo no lg de Pousadoira, Callobre, (15635) Miño, A Coruña e como de Portavoz Nacional do partido político LIGANDO por medio do presente escrito presenta as observacións que se indican ao ***Plan de xestión da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón.***

OBSERVACIÓNS:


1º.-O Plan de xestión da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón non ten en conta a nova situación social, económica e medio-ambiental que nos últimos anos se ten instalado na sociedade e no medio ambiente non só a nivel planetario senón tamén na comarca para a que foi elaborado o plan.

a.-Acabouse a sociedade do crecemento continuo a crise veu para quedar:

O Plan ignora que a crise económica actual esta directamente relacionada co peak-oil. No 2006 superouse o cumio do petróleo convencional mundial. Dito fíto histórico foi recoñecido pola Axencia Internacional da Enerxía no ano 2008. As previsións previstas indican que no 2015 se superou o cumio de todos os recursos fósiles procedentes dos distintos líquidos petrolíferos. Compre indicar que para a próxima década esta previsto alcanzar este punto en noutros recursos enerxéticos como o gas natural, carbón e uranio.

b.-A mudanza climática xa empezou.

O Plan contempla medidas tendentes a redución de emisións do CO2. Medidas que sendo positivas nin son suficientes, nin teñen para nada en conta que a mudanza climática xa se iniciou. A mesma ONU alertou a finais do primeiro trimestre deste ano que o incremento medio da temperatura viña superando as medias mensuais de xeito sistemático. Este incremento de temperatura global esta supoñendo que se batan todos os valores de desxeo dos casquetes polares o que fai pensar á comunidade científica que en poucos anos, se non é xa este verán, o polo norte ficara desconxelado por completo durante varios días durante o período estival do hemisferio norte. O desxeo actualmente e tan grave que hai dous meses a revista Science Advances publicaba un traballo titulado [*Climate-driven polar motion: 2003-2015 de Surendra Adhikari e Erik r. Ivins*](#), no que indicaba que o eixe de rotación da terra esta cambiando por mor da perda do equilibrio da codia da terra por mor do desxeo.



O feito de que na Galiza histórica (comunidade autónoma e territorios estremeiros) non se estea notando o incremento da temperatura e por mor da influencia das correntes mariñas e por terse instalado de xeito anómalo unha bolsa de aire frío ao nordés da península ibérica. Embora o actual tenue incremento de temperaturas na zona de afección do Plan non significa que vai ser o que nos depara o futuro e sobre todo non vai impedir as consecuencias desastrosas que nos esperan como incremento do nivel do mar, fortes migracións de animais e persoas, sequidade, inundacións, fortes ventos, incendios, precipitacións fora de época,

É necesario sinalar que o incremento do nivel do mar vai afectar a todas as vilas mariñas e vai obrigar desprazar numerosas construcións e poboacións. Algunhas das incluídas no Plan de xestión da Reserva da Biosfera Río Eo, Ocos e Terras de Burón por lindar directamente co mar Cantábrico ou coa Ría de Ribadeo vanse ver directamente afectadas

PROPOSTAS:

Reescribir o Plan de xestión da Reserva da Biosfera Río Eo, Ocos e Terras de Burón tendo en conta a premisa de estar diante dun cambio de paradigma provocado por dous factores 1º.-A fin da era da enerxía abundante e barata e do crecemento económico continuo e 2º.-O inicio das mudanzas climáticas a gran escala e as súas consecuencias dramáticas para o medio-ambiente (clima, ecosistemas, plantas, animais, persoas).

Incluír no Plan de xestión da Reserva da Biosfera Río Eo, Ocos e Terras de Burón as accións seguintes entre outras:

-Acción de divulgación entre a poboación da existencia e da superación do cumio das enerxías fósiles e das súas consecuencias na economía e na riqueza material das persoas.

-Acción de divulgación de medidas para paliar os efectos negativos produto de terse superado ou estar a piques de superarse o cumio do conxunto das enerxías fósiles e o uranio.

-Acción para fomentar o auto-abastecemento de enerxía mediante fontes renovables da veciñanza da comarca nomeadamente coa reconversión dos vellos muíños dos ríos e regatos en muíños produtores de electricidade.

-Acción para a divulgación e a implantación de agricultura, gandería, ... non dependente do uso de enerxías fósiles e dos seus derivados e enerxéticamente rendible.

-Acción para prever e dotar a comarca de medidas que poidan paliar as consecuencias das mudanzas climáticas

-Acción para dotar a comarca dun centro de emerxencias diante de catástrofes naturais e ou ,

migracións masivas de persoas provocadas pola mudanza climática.

-Acción para divulgar, promocionar e fomentar de xeito directo a deseucaliptización da comarca e a introdución dunha explotación forestal con especies autóctonas que permitan a construción de vivendas, mobles e mesmo a alimentación de animais e persoas.

-Acción para criar un selo distintivo para os produtos producidos, transformados e manufacturados na comarca de xeito compatible cos principios de respecto da reserva da biosfera.

-Acción para a realización dun catálogo exhaustivo de todo o patrimonio arqueolóxico, relixioso ou non, da comarca e da súa posta en valor.

-Acción para dotar de servizos dignos os núcleos rurais da comarca no eido da educación, sanidade, servizos sociais e transporte público colectivo.. Nomeadamente apostar polas escolas unitarias, atención primaria próxima e enfocada a prevención no tocante a saúde e uns servizos sociais que aposten por velar e proporcionar unha vida digna a todas as persoas que o precisen.

-Acción para que os concellos prohiban o uso de glifosatos e outros herbicidas e fitosanitarios altamente daniosos co medio ambiente, nomeadamente as abellas.

-Acción para apostar e fomentar actividades agro-gandeiras-forestais ecolóxicas.

-Acción para dotarse dun plan de mantemento das obras, infraestruturas e melloras que se realicen.

-Incluír na Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón o concello de Grandas de Salime e o de Riotorto por estar inmersos na comarca afectada dun xeito social, económico e medio-ambiental.

Re-escribir o documento respectando a toponimia oficial da Xunta de Galiza e a variante galega-asturiana dos concellos da comarca Eo-Navia.

Declara como idiomas oficiais do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón as dúas linguas que contan con o respaldo de oficiais, é dicir, o galego e o español. Establecer as medidas necesarias para que os distintos organismos poidan cumprir con este precepto e velar porque toda a documentación e sinalización interior e exterior sexa feita sempre nos dous idiomas en todo o territorio afectado.

Galiza, 16 de xuño de 2016

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

XUNTA DE GALIZA